

## **SUBGRUPO A2-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO**

### **TEMA 4- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público**

1. O artigo 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que as diferentes administracións públicas actúan e se relacionan con outras administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo co principio de (sinale a opción incorrecta):

- a) Lealdade institucional.
- b) Colaboración, entendida como o deber de actuar co resto das administracións públicas para o logro de fins comúns.
- c) Eficacia.

2. O deber de colaboración entre as administracións públicas implica, segundo o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que as administracións públicas deberán:

- a) Respetar o exercicio lexítimo polas outras administracións das súas competencias.
- b) Prestar, en calquera ámbito, a asistencia que as outras administracións puidesen solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.
- c) Facilitar a outras administracións calquera información que precisen, sempre que subscribisen un convenio de colaboración para ese efecto.

3. Respecto do deber de colaboración entre as administracións públicas previsto no artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, só poderá negarse cando:

- a) O organismo público ou a entidade do que se solicita dispoña de medios suficientes para iso.
- b) A información solicitada teña carácter confidencial ou reservado.
- c) O organismo público ou a entidade do que se solicita, de facelo, causase un prexuízo de imposible reparación aos intereses comúns de ambas as administracións.

4. De acordo co artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, deberán colaborar e auxiliarse para a execución dos seus actos que deban realizarse ou teñan efectos fóra dos seus respectivos ámbitos territoriais:

- a) As entidades locais e as deputacións provinciais entre si.
- b) As comunidades autónomas e as entidades locais a través do Fondo de Cooperación Interterritorial.
- c) A Administración xeral do Estado, as das comunidades autónomas e as das entidades locais.

5. Respecto das técnicas de cooperación previstas no artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (sinale a opción incorrecta):

- a) Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as administracións interesadas estimen máis adecuadas.
- b) A Administración xeral do Estado manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e dos convenios que subscribise, no que se integrarán tamén as administracións autonómicas.
- c) Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO**

6. O artigo 144.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé expresamente como técnicas adecuadas de cooperación:

- a) A emisión de informes preceptivos e vinculantes co fin de que as diferentes administracións expresen o seu criterio sobre propostas ou actuacións que incidan nas súas competencias.
- b) A participación en órganos executivos doutras administracións públicas.
- c) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións públicas.

7. Os órganos de cooperación previstos no artigo 145 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (sinale a resposta incorrecta):

- a) Son órganos de composición unicamente bilateral, de ámbito xeral ou especial.
- b) Os órganos de cooperación entre distintas administracións públicas nos que participe a Administración xeral do Estado deberán inscribirse no Rexistro Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación para que resulte válida a súa sesión constitutiva.
- c) Os órganos de cooperación rexeranse polo disposto nesta lei e polas disposicións específicas que lles sexan de aplicación.

8. O artigo 146 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dentro das técnicas orgánicas de cooperación, regula a conferencia de presidentes, que se caracteriza por:

- a) Ser un órgano de cooperación bilateral entre o Goberno da nación e os respectivos gobernos das comunidades autónomas.
- b) Estar formada polo presidente do Goberno, que a preside, e polos presidentes das comunidades autónomas e das entidades locais.
- c) Estar asistida para a preparación das súas reunións por un comité preparatorio do que forman parte un ministro do Goberno, que o preside, e un conselleiro de cada comunidade autónoma.

9. A conferencia de presidentes, recollida no artigo 146 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) Fixa os criterios obxectivos que serven de base para a distribución territorial dos créditos orzamentarios.
- b) Ten por obxecto a deliberación de asuntos e a adopción de acordos de interese para o Estado e as comunidades autónomas.
- c) Está asistida para a preparación das súas reunións por un comité preparatorio do que forman parte o ministro de Facenda, que o preside, e o presidente de cada comunidade autónoma.

10. De conformidade co previsto no artigo 147 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a conferencia sectorial é un órgano de cooperación:

- a) De composición unilateral e ámbito sectorial determinado.
- b) De composición multilateral e ámbito sectorial indeterminado.
- c) De composición multilateral e ámbito sectorial determinado.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO**

11. Sinala a resposta incorrecta de acordo co disposto no artigo 147 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) As conferencias sectoriais haberán de inscribirse no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación para a súa válida constitución.
- b) O Goberno aprobará un regulamento de organización e funcionamento interno que regulará a actividade de todas as conferencias sectoriais que se convoquen.
- c) A conferencia sectorial é un órgano de cooperación que reúne, como presidente, o membro do Goberno que, en representación da Administración xeral do Estado, resulte competente por razón da materia.

12. O artigo 148 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que as conferencias sectoriais, para alcanzar acordos sobre materias comúns, poden exercer funcións:

- a) Consultivas.
- b) Colaborativas.
- c) Intermediadoras.

13. Segundo o artigo 148 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as conferencias sectoriais exercerán, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Establecer plans específicos de cooperación entre comunidades autónomas na materia sectorial correspondente, procurando a creación de duplicidades para a consecución dunha mellor eficiencia dos servizos públicos.
- b) Intercambiar información sobre as actuacións programadas polas distintas administracións públicas, en exercicio das súas competencias, e que poidan afectar a outras administracións.
- c) Establecer mecanismos de intercambio de información, excepto de contido estatístico.

14. O artigo 149 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que lle corresponde ao ministro que presida a conferencia sectorial acordar a convocatoria das reunións por iniciativa propia:

- a) Polo menos unha vez ao ano ou cando o soliciten, polo menos, a metade dos seus membros.
- b) Polo menos unha vez cada tres meses ou cando o soliciten, polo menos, a terceira parte dos seus membros.
- c) Polo menos unha vez ao ano ou cando o soliciten, polo menos, a terceira parte dos seus membros.

15. De conformidade co artigo 149 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a convocatoria das reunións das conferencias sectoriais, que deberá acompañarse dos documentos necesarios coa suficiente antelación, ha de conter a orde do día previsto para cada sesión, o cal:

- a) Será proposto polo presidente.
- b) Será proposto polo secretario.
- c) Será proposto por, polo menos, a metade dos seus membros.

16. O artigo 150 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que lle corresponden ao secretario da conferencia sectorial, polo menos, as seguintes funcións (sinala a opción incorrecta):

- a) Efectuar a convocatoria das sesións da conferencia sectorial por propia iniciativa.
- b) Preparar as reunións e asistir a elas con voz pero sen voto.
- c) Redactar e autorizar as actas das sesións.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO**

17. En relación coas decisións da conferencia sectorial, o artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé que:

- a) A adopción de decisións non requirirá votación dos membros da conferencia sectorial.
- b) A votación para a adopción de decisións producirase pola representación que cada Administración pública teña e non polos distintos membros de cada unha delas.
- c) Poderán revestir a forma de acordo, que ten como finalidade expresar a opinión da conferencia sectorial sobre un asunto que se somete á súa consulta.

18. De acordo co artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as decisións que adopte a conferencia sectorial poderán revestir a forma de (sinale a opción incorrecta):

- a) Acordo.
- b) Recomendación.
- c) Ditame.

19. O artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ao referirse ás comisións sectoriais, indica que son o órgano de traballo e apoio de carácter xeral da conferencia sectorial e que están constituídas por:

- a) O secretario de Estado ou órgano superior da Administración xeral do Estado designado para o efecto polo ministro correspondente, que a presidirá, e un representante de cada comunidade autónoma, así como un representante da cidade de Ceuta e da cidade de Melilla.
- b) O secretario de Estado de Presidencia, que a presidirá, e un representante de cada comunidade autónoma, así como un representante da Federación Española de Municipios e Provincias.
- c) O secretario de Estado ou órgano superior da Administración xeral do Estado designado para o efecto polo presidente do Goberno, que a presidirá, e un representante de cada comunidade autónoma, así como un representante das deputacións provinciais.

20. A comisión sectorial, regulada no artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, exercerá as seguintes funcións:

- a) A preparación das reunións da conferencia sectorial, para o que tratará os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.
- b) O seguimento dos acordos adoptados pola conferencia de presidentes.
- c) A creación e disolución dos grupos de traballo constituídos.

21. O artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que as conferencias sectoriais poderán crear grupos de traballo (sinale a resposta incorrecta):

- a) Formados por directores xerais, subdirectores xerais ou equivalentes das diferentes administracións públicas que formen parte da devandita conferencia.
- b) Para levar a cabo as tarefas técnicas que lles asigne a conferencia sectorial ou a comisión sectorial.
- c) Que só poderán ter carácter temporal.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO**

22. O artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público indica que o director do grupo de traballo, que será un representante da Administración xeral do Estado, poderá solicitar a participación neste das organizacións representativas de intereses afectados, co fin de solicitar propostas ou formular consultas:

- a) Co voto favorable da maioría dos seus membros.
- b) Co voto favorable de dous terzos dos seus membros.
- c) Co voto favorable de tres quintos dos seus membros.

23. De conformidade co artigo 153 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as comisións bilaterais de cooperación:

- a) Son órganos de cooperación de composición bilateral.
- b) Reúnen a membros do Goberno, en representación da Administración xeral do Estado, e a membros dos parlamentos autonómicos, en representación das comunidades autónomas.
- c) Unicamente exercen funcións de asesoramento.

24. Cando a proximidade territorial ou a concorrencia de funcións administrativas así o requira, o artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé que poderán crearse comisións territoriais de coordinación:

- a) De composición bilateral.
- b) Entre administracións cuxos territorios non sexan coincidentes ou limítrofes.
- c) Para mellorar a coordinación da prestación de servizos, previr duplicidades e mellorar a eficiencia e calidade dos servizos.

25. O artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que, en función das administracións afectadas por razón da materia, estas comisións poderán estar formadas por (sinale a opción incorrecta):

- a) Representantes da Administración xeral do Estado e representantes das entidades locais.
- b) Representantes das comunidades autónomas e representantes das entidades locais.
- c) Representantes da Administración xeral do Estado e representantes das comunidades autónomas.

26. De conformidade co artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as decisións adoptadas polas comisións territoriais de cooperación revestirán a forma de:

- a) Recomendacións.
- b) Acordos.
- c) Normas.

27. Segundo o artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no relativo ás transmisións de datos entre Administracións Públicas, a Administración Pública cedente poderá opoñerse motivadamente a un tratamento ulterior dos datos cedidos no prazo de:

- a) 10 días.
- b) 15 días.
- c) 20 días.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO**

28. Segundo o artigo 156 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, comprende o conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas administracións públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade:

- a) O Esquema Nacional de Interoperabilidade.
- b) O Esquema Nacional de Seguridade.
- c) O Esquema Nacional de Información.

29. Segundo o artigo 156 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ten por obxecto establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito da presente lei, e está constituído polos principios básicos e requisitos mínimos que garantan adecuadamente a seguridade da información tratada:

- a) O Esquema Nacional de Interoperabilidade.
- b) O Esquema Nacional de Seguridade.
- c) O Esquema Nacional de Información.

30. En relación coa reutilización de sistemas e aplicacións de propiedade da Administración, de acordo co artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (sinale a opción incorrecta):

- a) As administracións poñerán á disposición de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos ou que fosen obxecto de contratación e de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares, salvo que a información á que estean asociadas sexa obxecto de especial protección por unha norma.
- b) As administracións cedentes e cesionarias non poderán acordar a repercusión do custo de adquisición ou fabricación das aplicacións cedidas.
- c) As administracións públicas, con carácter previo á adquisición, desenvolvemento ou mantemento ao longo de todo o ciclo de vida dunha aplicación, deberán consultar no directorio xeral de aplicacións se existen solucións dispoñibles para a súa reutilización.